

Don Pablo Montero Carrera, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

**C E R T I F I C A :**

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o 11 de xaneiro de 2019, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.d. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

**Asunto: *Apertura electrónica da documentación do sobre “C”, correspondente aos criterios de valoración automática, presentados pola empresa que participa no procedemento aberto convocado para levar a cabo a “Subministración de artigos de droguería, aseo persoal e limpeza e produtos de lavado industrial para o centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra” - (Expte.- 2018034050)***

O Secretario informa que o anuncio de licitación do procedemento aberto convocado para levar a cabo a “Subministración de artigos de droguería, aseo persoal e limpeza e produtos de lavado industrial para o centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra” publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 06 de novembro de 2018.

A continuación informa que a puntuación obtida no sobre “B”, correspondente á documentación técnica da empresa admitida foi a seguinte:

**LOTE 3: Produtos de lavado industrial para a lavandería do Centro Príncipe Felipe:**

EMPRESA	Criterio: Calidade dos produtos ofertados (Máximo 20 puntos)		
Diversey España, S.L. (B-28.247.849)	Subcriterio: <b>Propiedades inherentes dos produtos</b> (Máx 10 pts)	Subcriterio: <b>Características dos produtos vinculadas ao medio ambiente</b> (Máx 10 pts)	<b>TOTAL</b>
	10	8	<b>18</b>

\*No referido informe de valoración non se valora a oferta presentada pola empresa *Darlim, S.L.U. (B 36.612.562)* aos Lotes 1, 2 e 3 por incumprir o previsto na cláusula I, apartado 12 (Formas de presentar as propostas e contidos dos sobres) do prego administrativo. Concretamente o Sobre B contén datos que permiten coñecer a proposta económica que unicamente debe achegarse no Sobre C. Por este motivo a Mesa de Contratación non procedeu a solicitar mostras para realizar a valoración do Sobre B dos Lotes 1 e 2.

E de que se proporá ao ó órgano de contratación, neste caso, á Xunta de Goberno, a exclusión da empresa *Darlim, S.L.U. (B 36.612.562)* do procedemento aberto convocado para a contratación da “Subministración de artigos de droguería, aseo persoal e limpeza e produtos de lavado industrial para o centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra”, por incumprir o previsto na cláusula I, apartado 12 (Formas de presentar as propostas e contidos dos sobres) do prego administrativo. Concretamente o Sobre B contén datos que permiten coñecer a proposta económica que unicamente debe achegarse no Sobre C.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
 Código seguro de verificación:K8N50HG6XJ5BRSS



Seguidamente o Presidente e o Secretario da Mesa accederon á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), procedendo á descriptación e descarga da documentación do sobre "C" do Lote 3, de documentación correspondente ós criterios de valoración automática, presentados pola empresa licitadora que acadou unha puntuación superior ao 50% da puntuación asinable en función dos criterios avaliados mediante xuízos de valor.

Os valores ofertados foron os seguintes:

Lote 3: Produtos de lavado industrial para lavandería :

**Diversey España, S.L. (NIF: B-28.247.849)**

**1.- Prezo ofertado (Prezo medio unitario ofertado por unidade de uso de produto) (C):**

Importe sen IVE:	34,61€
IVE (21%):	7,27€
Importe total (IVE incluído):	41,88€

E para que conste, estende a presente, en Pontevedra, a dezasete de xaneiro de dous mil dezanove.

